


**Un país
xusto.**

Educación

**Programa
2016**



3 **Educación con calidade para termos futuro**

4 **Diagnose**

7 **Principios e directrices da nosa acción política neste ámbito**

8 **Principais medidas:**

1. Suspensión do calendario de aplicación da LOMCE de maneira negociada coa comunidade educativa.
2. Reverter os recortes en educación e aumentar progresivamente o orzamento neste ámbito
3. Recuperación progresiva dos postos de traballo en educación e planificación racional da oferta de emprego público
4. Conxelación dos concertos e auditoría sobre a concertación educativa
5. Atención específica aos servizos complementarios desde parámetros de calidade e de equidade social.
6. COMPROMISO coa recuperación e a proxección da lingua e da cultura galegas no ámbito educativo.
7. Impulso á competencia multilingüe baixo enfoques e orientacións adaptadas á nosa realidade sociolingüística.
8. Atención específica ás necesidades do rural
9. Extensión da atención educativa á primeira infancia
10. Replanteamento progresivo da oferta de formación profesional: reforzo da oferta pública e planeamento territorializado
11. Articulación dunha estratexia institucional en rede para unha mellor coordinación dos centros educativos coa súa contorna sociocultural.
12. Compromiso coa prevención do fracaso e o abandono escolar
13. Estratexia transversal para que á atención ás diversidades atenda aos parámetros dunha educación inclusiva
14. Pulo á igualdade de oportunidades na formación postobrigatoria
15. Promoción da innovación educativa e o traballo transversal e colaborativo nos centros escolares
16. Promoción e reforzo das competencias asociadas a alfabetización dixital e a educomunicación
17. Aposta decidida pola formación do profesorado e o desenvolvemento profesional
18. Revisión dos marcos curriculares de referencia para as diferentes etapas educativas baixo perspectivas innovadoras
19. Aposta por unha nova orientación no deseño, selección e utilización dos materiais educativos
20. Estudo e revisión dos tempos escolares
21. Compromiso coa convivencia en igualdade e a coeducación no ámbito da formación docente, as propostas curriculares e os recursos educativos
22. Aposta por unha educación de calidade para as persoas adultas
23. Lei Galega de Educación, como resultado do desenvolvemento das competencias propias e dunha acción política tendente á concertación social.

Educación con calidade para termos futuro

Xogámonos o futuro do país na educación. Os galegos e galegas precisamos un sistema de educación pública integral, que garanta o noso benestar e que sexa un investimento de futuro nos nenos e nenas de hoxe. Para iso En Marea rematará coas políticas de recortes e de regresión de dereitos impulsadas polo Partido Popular, que teñen na LOMCE a máxima expresión dun modelo educativo segregador. Traballaremos a prol dun sistema educativo sustentado na calidade e na equidade, nos parámetros dun modelo educativo inclusivo, no que ninguén quede atrás. Aproveitaremos o marco estatutario para plantear solucións educativas aos retos sociais que Galicia debe superar, para que sexa o país xusto que necesitamos.

Diagnose

Para comprender a situación da educación en Galicia compre facer unha mínima aproximación diagnóstica ao que foi a acción política destas dúas últimas lexislaturas gobernadas por Feijóo en Galicia e por Mariano Rajoy no Estado.

Dúas lexislaturas enmarcadas nun proceso de recortes, desmantelamento do servizo público da educación e privatización crecente do ensino en liña coas políticas neoliberais e de «austeridade» que practica a dereita conservadora.

Dúas lexislaturas que demostran que o mantra co que gobernaron todos estes anos, «facemos máis con menos», é unha falacia que pretende disfrazar de carácter tecnócrata a involución ideolóxica que supón introducir o copago en servizos fundamentais para garantir a igualdade no acceso á educación. Velaí a eliminación do programa de préstamo universal de libros de texto, substituído por un modelo de «gratuidade solidaria» máis caro e ineficiente; a introdución do copago nos comedores escolares naqueles centros nos que a consellaría non garante transporte escolar ao mediodía; o aumento das taxas de matrícula nos conservatorios de música que nos devolven aos tempos nos que o acceso á educación artística era unha prerrogativa das clases medias e altas, entre outras medidas igualmente lesivas.

- ▶ Un tempo político que demostra unha absoluta incapacidade para manter unha mínima interlocución tanto co conxunto da comunidade educativa, a través do Consello Escolar de Galicia – o seu principal órgano de representación, reducido a un mero funcionamento de trámite, ao atoparse reiteradamente cun posicionamento crítico a normas regresivas de enorme calado educativo – como de xeito sectorial, coas organizacións sindicais, as organizacións representativas das familias, e outros actores da comunidade educativa. Xaora, as emendas á totalidade emitidas polo CEG a distintas iniciativas políticas
- ▶ Proxecto de decreto para o Plurilingüismo, Anteprojecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, Proxecto de decreto polo que se regulan os comedores escolares, Proxecto de decreto polo que se establece o currículo de ESO e BAC – tiveron a mesma acollida que as múltiples achegas aportadas en moitos outros ámbitos: o total desprezo por parte da consellería. Os severos recortes aplicados ás organizacións sindicais, as ANPAS e os MRPs deixaron ben clara a vontade do goberno de afogar calquera voz crítica coa súa xestión.
- ▶ Dúas lexislaturas de seguidismo e sumisión as medidas adoptadas desde o Ministerio de Educación, particularmente no que atinxe ao desenvolvemento e aplicación da LOMCE, coa conseguinte renuncia ao desenvolvemento das posibilidades que ofrece o marco estatutario de competencias plenas en materia educativa para deseñar e aplicar políticas acordadas coa realidade galega.

Neste momento son xa trece as comunidades autónomas – incluída alguha gobernada polo Partido Popular – que levantaron a voz para opoñerse ao recente decreto de implantación das reválidas en secundaria; algunhas pediron a convocatoria da Conferencia Sectorial de Educación, outras xa anunciaron

a interposición de recursos por invasión de competencias, e o País Vasco e Catalunya están deseñando un sistema de avaliación propio. O goberno galego cala e outorga, facendo caso omiso da mensaxe das familias que en Galicia lideraron a oposición ás probas de primaria, desenvolvendo unha campaña de boicot que acadou o maior seguemento no conxunto do estado.

- ▶ Dúas lexislaturas nas que se asentaron prácticas de oportunismo político e de sectarismo e na que estiveron ausentes criterios de planificación con sentido territorial, carácter transversal e de anticipación aos problemas. Carencias que teñen especiais consecuencias na cohesión social, aumentando as diferencias no acceso aos servizos educativos entre as zonas rurais e urbanas, e afectando á necesaria cobertura dos programas educativos asociados á atención á diversidade, entre outros.

Un tempo político de desleixo na provisión de recursos educativos no medio rural, e a unha política de recortes e contracción en canto os recursos humanos durante a lexislatura, que remata agora cunha extensa convocatoria de prazas; momento no que tamén se aproveita para a devolución das pagas extras do funcionariado substraídas ilegalmente, ou para por en marcha un programa de incentivos para o uso do transporte público entre a mocidade, cando no seu día foron eliminadas as axudas ao transporte para os mozos e mozas que tiñan que desprazarse para realizar as prácticas en empresas.

- ▶ Dúas lexislaturas caracterizadas polo desenvolvemento de políticas educativas asentadas na propaganda e na acumulación de datos cuantitativos, renunciando a valorar o alcance efectivo dos programas estrela da Consellería: centros e seccións plurilingües, libro dixital, contratos-programa, proxecto Abalar, PIALE, entre outros.

A defensa da cultura da avaliación só parece atinxir a comprobación dos resultados académicos do alumnado, o sector máis feble do sistema, mentras que a administración educativa renuncia a valorar o alcance das medidas que adopta, ofrecendo exclusivamente un sumatorio de centros que se adhiren aos programas, e usando sistematicamente a web institucional con finalidade propagandística.

- ▶ Dúas lexislaturas de involución planificada dos dereitos lingüísticos que o sistema educativo está obrigado a promover, tanto a través do desenvolvemento de normas contrarias aos procesos normalizadores da nosa lingua como o Decreto do Plurilingüismo, como na caída de recursos para iniciativas normalizadoras, e o constante desleixo que o propio goberno practica sobre a lingua do país, sendo incapaz de reaccionar fronte aos datos que mostran o devalo lingüístico.

O actual Decreto do Plurilingüismo foi feito contra o criterio xeral da comunidade educativa –o Consello Escolar de Galicia rexeitouno– e coa oposición das máis altas institucións do país en materia de lingua e de educación (RAG, CCG, ILG, Universidades). Foi obxecto de sentenzas xudiciais que levaron a eliminar algúns dos seus artigos, e aínda está pendente de resolverse nas instancias xudiciais o recurso da RAG. Tanto o decreto como e as accións derivadas da súa implantación foron

denunciadas diante da Comisión Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias que publicou varios informes constatando o retroceso nos dereitos lingüísticos con carácter xeral, e, no ensino de maneira particular. A Consellería ten ignorado o ofrecemento da RAG para avaliar as competencias lingüísticas no idioma propio, limitándose a informar anualmente de que non existen problemas no tocante ao «equilibrio lingüístico». Porén, os últimos datos do IGE constataron o devalo lingüístico que o goberno prefire ignorar.

Estas dúas lexislaturas converteron á educación nun campo de batalla político, de maneira que, entre prédicas sobre a necesidade dun Paco Educativo, asistimos a unha ofensiva tanto desde o goberno central como dos seus aliados na Xunta de Galicia, que foi atopando resistencias cidadás de variado formato, e mesmo algunhas contestacións inéditas, por parte das familias, as institucións ou ó profesorado.

Principios e directrices da nosa acción política neste ámbito

EN MAREA apoiará a súa acción política no ámbito educativo nos seguintes principios e directrices:

1. Defensa da educación como dereito universal ao alcance efectivo de todas as persoas, en condicións de equidade social, sustentado na centralidade da educación pública como garante da cohesión social e da compensación das desigualdades económicas e socioculturais.
2. Priorización do financiamento público, tendo como primeiro referente os centros e institucións educativas de titularidade e xestión pública, e impulsando políticas públicas que aposten pola inclusión e a calidade educativas.
3. Desenvolvemento de políticas educativas comprometidas de maneira inequívoca cunha racionalidade ética alicerzada na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a promoción do laicismo, a posta en valor do patrimonio cultural propio, o respecto polas diversidades, a defensa da necesaria perspectiva de xénero, e a aposta pola sustentabilidade, entre outros valores.
4. Promoción dunha acción política sustentada na comunicación, na transparencia e na interlocución co conxunto de actores da comunidade educativa e da sociedade, coa finalidade de avanzar nun proxecto educativo compartido, con vocación de estabilidade, á altura das posibilidades que ofrece o marco estatutario e consonte coas necesidades socioculturais de Galicia, capaz de mobilizar a capacidade cívica e creadora da cidadanía galega.
5. Impulso decidido de políticas públicas que poñan en valor a planificación, a coordinación e a vertebración do país cunha oferta de recursos e servizos públicos que aproveite as sinerxías e a necesaria transversalidade dos servizos educativos e socioculturais, con especial atención aos desequilibrios territoriais e cun coidado específico ás necesidades do medio rural.
6. Apertura dun novo escenario de relacións coa profesión docente: apostando por fórmulas de interlocución que permitan recuperar a necesaria motivación do profesorado, restablecer a confianza institucional, e asegurar o seu compromiso cos desafíos dun sistema educativo de calidade, promovendo ao mesmo tempo un maior recoñecemento e apoio social ao seu labor profesional.

Principais medidas:

1. **Suspensión do calendario de aplicación da LOMCE de maneira negociada coa comunidade educativa.**

Mentres non se acade a derogación da LOMCE e entanto non se aproba unha nova lei de educación acordarase coa comunidade educativa e no marco do Consello Escolar de Galicia a suspensión do seu calendario de aplicación, incluíndo a suspensión das reválidas, e o desenvolvemento de medidas que garantan a estabilidade do sistema educativo. Estableceremos un clima de confianza institucional baixo o compromiso de interlocución activa coa comunidade educativa e a activación dos mecanismos de participación democrática nas decisións que afectan ao sistema educativo. Comprometémonos coa defensa dun ensino laico, e coa adopción de medidas que posibiliten avances nesa liña.

O obxectivo é evitar a aplicación das medidas máis lesivas para o sistema educativo incluídas na LOMCE, procurando alternativas negociadas coa comunidade educativa. Defenderemos a derogación desta lei e dos decretos que a desenvolven no marco da Conferencia Sectorial de Educación, e faremos valer o noso marco estatutario pulando por unha estratexia propia no deseño dos procesos educativos.

2. **Reverter os recortes en educación e aumentar progresivamente o orzamento neste ámbito**

- ▶ Incrementarase a porcentaxe dedicada a educación nos orzamentos anuais da Xunta ate até acadar o 7% do PIB ao remate da lexislatura.
- ▶ Restablecerase a gratuidade dos libros de texto e outros materiais curriculares a través dun programa de préstamo.
- ▶ Restituirase a gratuidade no servizo de comedor naqueles centros do rural nos que o alumnado non teña garantida a posibilidade de xantar na súa casa.
- ▶ Acometerase un estudo de diagnose sobre a situación dos centros educativos para elaborar un cronograma debidamente orzamentado de rehabilitación, reparación e mantemento dos centros escolares ao longo da lexislatura.

3. **Recuperación progresiva dos postos de traballo en educación e planificación racional da oferta de emprego público**

- ▶ Planificación da oferta de emprego público ao longo da lexislatura a partir dunha diagnose que considere as previsións de matrícula, así como as xubilacións, e que responda ás necesidades dos centros educativos públicos: redución das ratios, flexibilización do tamaño dos grupos, mellora da atención á diversidade, implementación e reforzo de programas innovadores, atención educativa no rural, etc.
- ▶ Asociado a isto e ao tratarse dunha competencia estatal a administración galega demandará a derogación da taxa de reposición e, entretanto, procurará unha aplicación o menos restritiva posible.

Os tempos máis fortes da crise foron aproveitados para diminuír os orzamentos destinados á educación, minguando os recursos respecto dos programas máis directamente asociados coa capacidade de compensación social do sistema

educativo. A aplicación do decreto de medidas urxentes e doutras liñas de acción política mudaron as condicións laborais do profesorado, aumentando as circunstancias das docencias afíns e ás ratios e bloqueando a extensión da oferta pública de FP e das modalidades de Bacharelato, procesos que ao longo da lexislatura EN Marea se compromete a reverter.

4. Conxelación dos concertos e auditoría sobre a concertación educativa

- ▶ Conxelación dos concertos educativos.
- ▶ Auditoría para ter unha diagnose completa dos concertos educativos nos distintos niveis do sistema educativo. Seguimento esixente para evitarmos accións contrarias á igualdade de oportunidades no acceso, admisión e posterior desenvolvemento da escolarización, e para garantir o respecto ás condicións laborais do profesorado.
- ▶ Non renovación onde haxa oferta pública suficiente.
- ▶ Non renovación dos concertos aos centros que segregan ao alumnado por sexo.

As políticas da dereita conservadora déronlle un amplo pulo á privatización dos servizos públicos. Na educación, e mesmo en período de crise, ampliouse a oferta privada e concertada especialmente nas etapas non obrigatoria (Educación Infantil 0-3, e Formación Profesional). En Galicia é unha oferta que agudiza o desequilibrio territorial porque se ubica nas cidades, e, no caso de FP acolle aos ciclos máis demandados. Como o documentan os propios datos do Ministerio e os informes das asociacións de consumidores, os centros privados concertados teñen índices moi baixos de escolarización de nenos e nenas inmigrantes ou con necesidades de atención educativa. Algúns centros concertados empregan mecanismos disuasorios para evitar escolarizar nenos e nenas procedentes de colectivos vulnerables (inmigrantes, minorías, infancia con diversidade funcional, etc) a través do pago de cotas extras, ou dunha orientación e desvío a outros centros educativos cando agroman problemas asociados ao fracaso escolar. Tales políticas atacan a capacidade compensatoria do servizo público de educación e contribúen a facer da escola pública nunha rede cuasi asistencial. As medidas propostas encamiñanse a recuperar a centralidade da educación pública, xestionada con criterios de servizo público e articulada territorialmente.

5. Atención específica aos servizos complementarios desde parámetros de calidade e de equidade social.

- ▶ Promover de maneira progresiva a xestión pública directa de todos os servizos complementarios do ensino público.
- ▶ Os servizos de comedor, transporte, actividades extraescolares, deben ter unha cobertura suficiente baixo parámetros de calidade contrastada.
- ▶ Modificación do decreto de comedores escolares baixo a perspectiva de considerar os comedores escolares como elemento de socialización e conciliación nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería de Educación. Introducíranse criterios de proximidade no subministro dos produtos alimenticios e de calidade ecolóxica, priorizando as alternativas que garantan a calidade nutricional e sanitaria
- ▶ Introducíranse criterios de maior racionalización no transporte escolar.

O tema dos comedores foi obxecto de polémica nesta lexislatura. No marco do Consello Escolar de Galicia a comunidade educativa rexeitou o decreto de comedores que acabou coa gratuidade deste servizo para os nenos e nenas do rural transportados que non teñen oportunidade de voltar a xantar ás súas casas. A cuestión da calidade dos xantares das empresas provedoras vía catering foi tamén un asunto que xenerou alarma entre as familias.

En Marea propón manter a gratuidade do comedor para o alumnado do rural que non pode xantar na casa e un servizo no que ás cuestións sanitarias e educativas sexan prioritarias. Entendemos que a aspiración á gratuidade universal destes servizos debe apoiarse na profunda revisión do réxime de fiscalización actual, evitando fórmulas de «copago» .

6. COMPROMISO coa recuperación e a proxección da lingua e da cultura galegas no ámbito educativo.

- ▶ Derrogaremos o actual Decreto do Plurilingüismo e elaboraremos de forma consensuada coa comunidade educativa unha nova normativa de promoción do idioma galego no ensino que teña como punto de partida o PXNLG de 2004, ou o futuro plan director de lingua.
- ▶ Coidaranse especialmente ás accións a desenvolver na etapa infantil pola súa importancia nas aprendizaxes posteriores
- ▶ Reforzaremos a elaboración de materiais e recursos didácticos de calidade en galego, diversificados e actualizados para as distintas etapas educativas, con especial atención á FP, asegurando a dotación axeitada de recursos TIC.
- ▶ Recuperaremos o investimento en accións normalizadoras, poñendo en valor o traballo dos Equipos de Normalización Lingüística.
- ▶ Apostaremos pola formación do profesorado neste ámbito , a implicación da comunidade educativa e o traballo en rede con outros actores sociais,

7. Impulso á competencia multilingüe baixo enfoques e orientacións adaptadas á nosa realidade sociolingüística.

- ▶ Revisaremos o deseño e posta en práctica dos chamados programas bilingües e multilingües desde a perspectiva da súa orientación ao conxunto do alumnado evitando que sexan usados para a súa selección, que, empobrezan o coñecemento científico e minimicen a presenza da nosa lingua no currículo.
- ▶ Formularanse orientacións para o deseño dos proxectos lingüísticos de centro que garantan a competencia multilingüe baixo modelos contrastados e adaptados ás características sociolingüísticas dos centros e da súa contorna: proxectos integrados de linguas, cambios metodolóxicos na ensinanza das linguas, desdobres de grupos, etc.
- ▶ Reforzarase a formación do profesorado e apoio e asesoramento por parte da inspección educativa neste ámbito.
- ▶ Farase un esforzo sostido na promoción do portugués como segunda lingua estranxeira optativa na xeneralidade dos centros de educación secundaria.

8. Atención específica ás necesidades do rural

- ▶ Impulsaremos un marco legislativo específico para o subsistema educativo no rural, especialmente no que atinxe aos requisitos mínimos dos centros, á súa estrutura organizativa e á normativa de funcionamento.

- ▶ Poremos en marcha medidas inmediatas que poñan en valor o modelo de escola rural e que revertan o desmantelamento que vén padecendo nas dúas últimas lexislaturas no marco dun Plan Estratégico para o Desenvolvemento do Medio Rural Galego.

O desmantelamento do servizo público de educación no rural forma parte do proceso de derrubo por abandono do noso medio rural. Só unha política integral que poña en valor o medio rural no seu conxunto e que invista en servizos comunitarios coa intención de fixar poboación que poida desenvolver os seus dereitos cidadáns pode revertir a actual situación.

9.

Extensión da atención educativa á primeira infancia

- ▶ Considerando a Educación Infantil (0-3 anos) como etapa educativa, incorporaremos a ás competencias da Consellería de Educación, prestando especial apoio ao persoal educativo que traballa nesta etapa.
- ▶ Ampliaremos de forma progresiva a oferta de prazas públicas.
- ▶ Levaremos a cabo programas concretos para a atención específica das necesidades formativas das familias e para o fornecemento de servizos comunitarios para a infancia.

Preténdese dar unha atención educativa de calidade á primeira infancia, superando unha certa visión asistencial que persiste respecto desa etapa ao estar directamente relacionada coas estratexias para a conciliación da vida laboral e familiar. Nos tempos máis duros da crise as taxas das escolas infantís 0-3 medraron sustancialmente ao tempo que se pecharon programas de atención as familias de longa traxectoria e prestixio como «Preescolar na Casa». En Marea pretende articular de forma progresiva unha rede de servizos comunitarios para a infancia, en colaboración cos concellos.

10.

Replanteamento progresivo da oferta de formación profesional: reforzo da oferta pública e planeamento territorializado

- ▶ Revisaremos a oferta de Formación Profesional baixo criterios de reforzo dunha oferta pública e de calidade acorde coas necesidades do país e planificada territorialmente, rompendo a crecente tendencia privatizadora iniciada polo Partido Popular. Con ese fin, contaremos coa participación dos actores sociais e do tecido empresarial para servir de axente de desenvolvemento.
- ▶ Priorizarase a oferta pública nos ciclos con máis demanda da FP, evitando que a maioría da oferta nalgúns deles se sitúe exclusivamente nas cidades.
- ▶ Promoveranse actuacións que favorezan opcións máis equilibradas no xénero, favorecendo que as alumnas cursen opcións tradicionalmente masculinas e viceversa.

11.

Articulación dunha estratexia institucional en rede para unha mellor coordinación dos centros educativos coa súa contorna sociocultural.

- ▶ Promoveranse accións coordinadas entre os centros educativos e os servizos sociais dos concellos para combater a vulnerabilidade social relacionada coa inmigración, a clase social, a diversidade funcional ou a orientación sexual.
- ▶ Elaboraremos un Plan Experimental que contemple a incorporación de novos perfís profesionais aos centros educativos, do obxectivo de reforzar os plans de convivencia, mellorar a atención ás diversidades e a coordinación cos axentes educativos da contorna.

12. **Compromiso coa prevención do fracaso e o abandono escolar**

Elaboración e desenvolvemento dunha Estratexia de Prevención do Fracaso e o Abandono Escolar desde etapas temperás garantindo os cadros de persoal necesarios para posibilitar desdobres, apoios, agrupamentos flexibles e outras medidas inclusivas que aseguren unha atención individualizada. Potenciaremos as vías de colaboración cos concellos, as universidades e con organizacións do terceiro sector.

13. **Estratexia transversal para que á atención ás diversidades atenda aos parámetros dunha educación inclusiva**

- ▶ Desenvolveremos de forma efectiva unha normativa en materia de atención ás diversidades, acompañadas dunha formación docente de calidade e da atención específica de profesionais cualificados.
- ▶ Favoreceremos os desdobres de aulas e a presenza de profesorado de apoio na aula ordinaria. Desde En Marea revisaremos a regulación das ratio escolares nas diversas etapas do sistema educativo, flexibilizando o tamaño dos grupos segundo necesidades.
- ▶ Deseñaremos protocolos e medidas de atención ás diversidades en situacións particulares como a atención hospitalaria e domiciliaria, así como o seguimento da súa aplicación.

O ámbito da atención ás diversidades foi o máis castigado pola política de recortes e o enfoque elitista e clasista do modelo educativo impulsado polas reformas educativas do Partido Popular. En Marea comprométese cun modelo educativo inclusivo que actúe sobre as circunstancias de vulnerabilidade que afectan á infancia e á mocidade, por iso pulará polo desenvolvemento de distintas estratexias que poñen o foco da calidade do ensino indisolublemente asociada á equidade.

14. **Pulo á igualdade de oportunidades na formación postobrigatoria**

Dende En Marea queremos garantir a igualdade de escolla formativa postobrigatoria para todo o alumnado. Con este obxectivo, ampliaremos de forma progresiva a oferta educativa e desenvolveremos unha oferta de bolsas que garantan ao alumnado non urbano as mesmas oportunidades para acceder ás diversas modalidades de BAC ou ciclos formativos de FP.

15. **Promoción da innovación educativa e o traballo transversal e colaborativo nos centros escolares**

- ▶ Favorecerase a participación dos centros en proxectos de innovación educativa nunha perspectiva de protagonismo do alumnado na súa aprendizaxe e de inserción na súa contorna.
- ▶ Reforzarase e coordinarase a oferta de programas de innovación educativa, actualmente asociados ao Programa Proxecta, mellorando as posibilidades de traballo en rede.
- ▶ Incentivarase a incorporación progresiva dos centros educativos ao Plan de mellora de bibliotecas escolares activando medidas de apoio que garantan de maneira estable o labor da biblioteca como espazo transversal e impulsor de proxectos compartidos de aprendizaxe.
- ▶ Apoiaremos de forma decidida a incorporación das accións de aprendizaxe-servizo promovidas desde as universidades en relación co ámbito educativo.

- ▶ Reforzarase e coordinarase a oferta de programas de innovación educativa incentivando as posibilidades de traballo en rede.

16. Promoción e reforzo das competencias asociadas a alfabetización dixital e a educomunicación

As esixencias da chamada «sociedade da información» reclaman unha formación que capacite para buscar, analizar e interpretar a información e transformala en coñecemento. O mundo do ensino precisa dun apoio decidido de alcance transversal para estar a altura deste desafío.

- ▶ Propomos deseñar un plan de educomunicación para a súa implementación curricular nos distintos niveis e etapas educativas, Educación de Persoas Adultas e FP.
- ▶ Crearemos un banco de recursos online de boas prácticas educomunicativas e incentivaremos a investigación en materia de avaliación das competencias mediáticas da cidadanía.
- ▶ Reforzarase as accións iniciadas no marco das bibliotecas escolares, e o traballo en rede con actores sociais e institucionais.

17. Aposta decidida pola formación do profesorado e o desenvolvemento profesional

A formación e o acceso á función docente son obxecto dun debate social que reclama o seu estudo e revisión consonte os novos retos educativos.

- ▶ Estableceranse medidas a prol da estabilidade laboral que faciliten o compromiso do profesorado con iniciativas asociadas a unha maior calidade educativa.
- ▶ Fixaranse mecanismos de coordinación entre a formación inicial e a permanente, na procura dun traballo en rede sobre a formación e a investigación educativas entre as institucións formadoras e a administración, valorando a recuperación das licenzas por estudos e doutras vías de actualización e promoción docente.
- ▶ Reduciranse progresivamente as circunstancias docentes relacionadas coas 'materias afíns'.
- ▶ Actualizaranse os Regulamentos Orgánicos de Centros de maneira que as institucións escolares poidan responder aos retos do sistema educativo galego.
- ▶ Elaborarase e desenvolverase un Plan de Prevención de Riscos Laborais para para o persoal docente.

Logo de dúas lexislaturas nas que o discurso e as accións do goberno do estado e da Xunta de Galicia buscando o desprestixio dos servizos públicos, condicionaron o traballo docente, En Marea comprométese cun novo escenario de relacións coa profesión docente baseado no respecto á súa profesionalidade e no mantemento dunha interlocución activa que revirta na necesaria confianza institucional, marco desde o que desenvolver un proxecto compartido de educación para Galicia.

18. Revisión dos marcos curriculares de referencia para as diferentes etapas educativas baixo perspectivas innovadoras

- ▶ Revisaremos os actuais decretos curriculares mediante procedementos de reflexión e debate, acompañados de suficiente soporte técnico e institucional buscando un proxecto cultural propio definido, compartido e adaptado ás necesidades persoais e sociais reais.

- ▶ Recuperarase un horario lectivo suficiente para materias como Música, Educación Plástica e Visual, Educación Física, Filosofía e Educación para a Cidadanía, que afectan a formación integral do alumnado, e que foron desprazadas pola LOMCE, contradecendo as recomendacións da UNESCO sobre a formación do alumnado en calquera parte do mundo.

A elaboración da LOMCE non permitiu cuestionar elementos de revisión do curriculum cara parámetros máis innovadores, alén da desaparición de materias do ámbito das humanidades ou as artes, consonte co modelo de orientación economicista da norma, cun maior compoñente confesional co aumento e o blindaxe da materia de relixión. EN Marea quere someter a debate os actuais marcos curriculares coa intención de promover unha visión máis achegada á realidade social e persoal do alumnado. Queremos igualmente devolver ás humanidades e ás artes un lugar propio que permita unha educación integral e en valores.

19.

Aposta por unha nova orientación no deseño, selección e utilización dos materiais educativos

- ▶ Facilitaremos o traballo docente na elaboración e selección de recursos educativos ofrecendo tempos, espazos e formación para a elaboración ou adaptación de materiais impresos e dixitais.
- ▶ Impulsaremos ferramentas de creación e adaptación libres, cooperativas, motivadoras, facilmente adaptables e deseñadas respectando os parámetros de accesibilidade web.
- ▶ Estudaremos a posibilidade de que os centros poidan xestionar directamente a adquisición e elaboración de materias curriculares adaptados ao seu proxecto educativo.
- ▶ Estableceremos un marco de colaboración co sector editorial que sente as bases para a edición de libros de texto e outros materiais didácticos acordes coas necesidades do sistema educativo.

20.

Estudo e revisión dos tempos escolares

- ▶ Promoverase un proceso de estudo e, no seu caso, revisión dos tempos escolares e dos calendarios académicos baixo criterios respectuosos coas necesidades do alumnado, os requerimentos do sistema educativo, e coa conciliación familiar. Evitarase que as actividades externas de reforzo educativo supoñan unha sobrecarga para o alumnado e acentúen as desigualdades.

Actualmente está sendo motivo de reflexión a cuestión dos tempos escolares en relación cos tempos sociais, baixo a perspectiva dunha mellor conciliación da vida escolar, familiar e laboral que afecta no seu conxunto ás familias.

A cuestión das tarefas escolares ou de reforzo educativo están no foco da atención co obxectivo de evitar unha sobrecarga ao alumnado que acentúe as desigualdades educativas e impidan unha formación integral. Ao mesmo tempo, e desde o punto de vista da igualdade de oportunidades, algunhas circunstancias relacionadas cos problemas de rendemento académico invitan á reflexión sobre distintas estratexias de «externalización» do fracaso escolar que deben ser revisadas.

Finalmente e na medida en que os requerimentos do sistema así o demanden traballaremos para axustar os calendarios académicos de maneira que o alumnado se poida incorporar en tempo e forma aos procesos formativos, algo que neste momento non acontece na incorporación de parte do alumnado aos estudos universitarios.

21. **Compromiso coa convivencia en igualdade e a coeducación no ámbito da formación docente, as propostas curriculares e os recursos educativos**

- ▶ O noso obxectivo pasa polo desenvolvemento dunha coeducación transversal, presente en todas as materias e etapas, que recoñeza as contribucións das mulleres ás ciencias, á historia e ás artes.
- ▶ Prestaremos especial atención á formación en igualdade e contra as violencias machistas nos plans de formación do profesorado.
- ▶ Reforzaremos a perspectiva de xénero nos plans de convivencia dos centros e noutras iniciativas curriculares.
- ▶ Para atender a diversidade afectivo-sexual garantiremos que en todos os centros exista profesorado con formación suficiente.
- ▶ Traballaremos co colectivo LGTBIQ+ establecendo vías de acompañamento e proporcionando recursos.

Este conxunto de medidas ten que ver coa intención de lograr un impulso xeral á perspectiva de xénero no marco do ensino. Desde a dereita conservadora estanse propoñendo iniciativas parciais, facendo depender a formación en igualdade dunha materia exclusivamente, desbotando calquera outra iniciativa de carácter transversal. Igualmente é importante apoiar con formación e recursos á atención á diversidade afectivo-sexual, prevendo situacións de acoso ou marxinalidade.

22. **Aposta por unha educación de calidade para as persoas adultas**

- ▶ O goberno galego reforzará de xeito progresivo a rede de centros de Educación de Persoas Adultas (E.P.A) para atender á demanda en todos os niveis e modalidades (presencial, semipresencial e a distancia).
- ▶ Promoveranse accións formativas de carácter interxeracional a través de proxectos concretos que fomenten o traballo en rede cos concellos, as universidades e outros actores sociais.

Trátase de reforzar a formación das persoas adultas que moitas veces regresan ao sistema educativo na procura de novas oportunidades formativas asociadas a unha expectativa de melloras laborais e profesionais. Asemade pretendemos estruturar un traballo en rede con distintos actores sociais para desenvolver proxectos compartidos de carácter interxeneracional que impulsen o dereito á educación permanente, ao longo do ciclo vital.

23. **Lei Galega de Educación, como resultado do desenvolvemento das competencias propias e dunha acción política tendente á concertación social.**

As medidas propostas teñen como fio condutor a promoción dunha acción política sustentada na comunicación, na transparencia e na interlocución co conxunto de actores da comunidade educativa e da sociedade, coa finalidade de avanzar nun proxecto educativo compartido, estable e á altura das posibilidades que ofrece o marco estatutario. Queremos un modelo que se adapte ás necesidades socioculturais de Galicia, que sexa capaz de mobilizar a capacidade creadora da cidadanía galega e que cristalice nunha Lei Galega de Educación.

As circunstancias do desenvolvemento da LOMCE e doutras normas de alcance estatal fan aconsellable que este proceso propio se combine cunha acción na Conferencia Sectorial de Educación que impida a invasión de competencias desde o goberno do estado.

